*Caeu a ditadura militar de Primo de Rivera pola súa incapacidade. Caeu a monarquía polos seus erros cotiáns e os seus vicios seculares (...). Por que entón esta tremenda loucura de querer resucitala? Que servizo nacional se prestaba con isto? Ah! Eses xenerais, xefes e oficiais que empuñaron as espadas contra o pobo que lles deu desentendéronse unha vez máis das leccións da Historia, e abrindo esta longa noite sanguenta que padece España, van recibir a lección, pola súa mala aventura, de que non se pode atacar violentamente os réximes políticos cando están confiados pola alma popular. Porque os españois somos unha democracia legalmente organizada, cunha orixe de lexitimidade incuestionable (...).*

*Españois, ciudadáns de toda condición e clase, milicias abnegadas de traballadores, soldados da República fieis á vosa promesa, deputados da Cámara, lexítimos representantes da nación: renovade o esforzo e facede o último para vencer. Necesitao a República; esíxeo España; espérao ansiosa a humanidade.*

Diego MARTÍNEZ BARRIO. Alocución radiada. 2-8-1936 [castelán]

O 18 de xullo do ano pasado realizouse o Alzamento militar e estallou a guerra, que aínda dura. Pero nótese, primeiro, que a sublevación militar non se produciu, xa desde os seus comezos, sen colaboración co pobo san, que se incorporou en grandes masas ao movemento que, por isto, debe cualificarse de cívicomilitar; e, segundo, que este movemento e a revolución comunista son dous feitos que non poden separarse, se se quere xulgar debidamente a natureza inicial da guerra. (...) Afirmamos que o levantamento cívicomilitar tivo no fondo da conciencia popular un dobre arraigo: o do sentimento patriótico, que veu nel a única maneira de levantar España e evitar a súa ruína definitiva; e o sentido relixioso, que o considerou como a força que debía reducir á impotencia os inimigos de Deus, e como a garantía da continuidade da súa fe e da práctica da súa relixión.

#### Carta colectiva do Episcopado español aos bispos de todo o mundo explicando as razóns do Alzamento e a finalidade da guerra.

1-7-1937 [castelán]

**Texto 5- Galeazzo Ciano, ministro italiano de Asuntos Exteriores, informa así da situación en España:**

“En España xa se formaron dúas frontes. Cunha están alemáns e italianos; con outra franceses, belgas e rusos. O Duce está de acordo con Hitler en opinar que a determinación das dúas frontes é xa un feito consumado. Italia apoiou e segue a apoiar aos españoles sen condicións (...). A nosa acción en España é unha proba efectiva da nosa participación na loita antibolxevique”.

**Texto 6.-Discurso de Largo Caballero, presidente do Goberno e secretario xeral da UGT, outubro de 1936:**

“Primeiro debemos gañar a guerra e despois xa poderemos falar de revolución”.

**Texto 7.-Boletín informativo da CNT-FAI, xaneiro de 1937:**

“Que quede ben entendido que non estamos a loitar pola República democrática. Estamos a loitar polo triunfo da revolución proletaria. A revolución e a guerra son inseparables. Todo o que se diga en sentido contrario é contrarrevolución reformista”.

**Texto 8.-Postura defendida en Mundo Obrero, órgano de expresión do PCE, marzo de 1937:**

“¿De que nos acusan os camaradas da CNT? Segundo eles, afastámonos do camiño do marxismo revolucionario. ¿Por que? Porque defendemos a República democrática (...). Unha República democrática e parlamentaria dun contido social como non existiu endexamais”.

**Texto 9.-O 20 de abril de 1937, Francisco Franco, Xefe do Estado e Xeneralísimo das forzas nacionais, asina o Decreto de Unificación:**

“Art. 1. Falange Española e Requetés, cos seus actuais servizos e elementos, intégranse, baixo a Miña Xefatura, nunha soa entidade política de carácter nacional que, de momento, se denominará Falange Tradicionalista y de las JONS. Esta organización, intermedia entre a Sociedade e o Estado, ten a misión principal de comunicar ao Estado o alento do pobo e de levar a este o pensamento de aquel a través das virtudes político-morais, de servizo, xerarquía e irmandade (...). Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos”.

**Doc. 7.-Último parte de guerra:**

“No día de hoxe, cativo e desarmado o exército roxo, acadaron as tropas nacionais os seus últimos obxectivos militares. A guerra rematou. Francisco Franco. Burgos, 1-IV-1939. Ano da Vitoria”.

<https://www.rtve.es/alacarta/videos/80-anos-de-la-guerra-civil/hoy-18-julio-se-cumplen-75-anos-del-comienzo-guerra-civil-espanola/1156142/>

[https://www.youtube.com/watch?v=V5uU\\_FZKcqs](https://www.youtube.com/watch?v=V5uU_FZKcqs)

<https://www.youtube.com/watch?v=QESwCcm6BHE>

## O Franquismo: características e institucionalización

### **Doc.1.-Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do Alzamiento Nacional:**

“Correspónenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...).

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúelle o misional e totalitario, que orienta ao pobo sinalándolle o camiño (...).

Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos, hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases; (...) hai que elevar os principios do Movimiento”.

### **Doc.2.-Lei sobre unidade sindical (31 de xaneiro de 1940):**

“Tres son os principios que inspiran a Organización Nacional-Sindicalista prevista polo Fuero del Trabajo, reflexo fiel da organización política do Novo Estado, a saber: Unidade, Totalidade e Xerarquia. Haberá, pois, segundo precepto do Fuero, unha soa orde de sindicatos, nos cales serán encadrados todos os factores da economía por ramas da producción ou servizos.

Artigo primeiro.-A Organización Sindical de F.E.T. y de las J.O.N.S. é a única recoñecida con personalidade suficiente polo Estado, quen non admitirá a existencia de ningunha outra con fins análogos ou similares”.

### **Doc.3.-Lei de creación das Cortes Españolas (17 de xullo de 1942):**

“Continuando na Xefatura do Estado a suprema potestade de ditar normas xurídicas (...), o órgano que se crea significará, á vez que un eficaz instrumento de colaboración naquela función, principio de autolimitación para unha institución más sistemática do poder (...).

Art. 1.-As Cortes son o órgano superior de participación do pobo español nas tarefas do Estado. É misión principal das Cortes a preparación e elaboración das leis, sen prexuízo da sanción que corresponde ao Xefe do Estado.

Art. 2.-As Cortes compónense de Procuradores natos e electivos, a saber:

- a)Os ministros.
- b)Os conselleiros nacionais de F.E.T. y de las J.O.N.S.
- c)O Presidente do Consello do Estado (...).
- d)Os representantes dos Sindicatos Nacionais.
- e)Os Alcaldes das cincuenta capitais de provincia (...).
- f)Os Rectores das Universidades (...).
- i)Aquelhas persoas que pola súa xerarquía eclesiástica, militar, administrativa ou social, ou polos seus relevantes servizos a España, designe o Xefe do Estado, en número non superior a cincuenta”.

### **Doc.4.-Fuero de los Españoles (17 de xullo de 1945):**

“Art. 1.-O Estado español proclama como principio reitor dos seus actos o respecto á dignidade, a integridade e a liberdade da persoa humana, recoñecendo ao home, en canto

portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos (...).

Art. 2.-Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis (...).

Art. 6.-A profesión e práctica da relixión católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. Ningún será molestado polas súas crenzas relixiosas nin o exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras ceremonias nin manifestacións externas que as da relixión católica (...).

Art. 10.-Todos os españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato (...).

Art. 12.-Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten contra os principios fundamentais do Estado”.

**Doc.5.-Dionisio Ridruejo, ex-falanxista posteriormente represaliado polo réxime, exprésase así na súa obra Escrito en España (1962):**

“Os grupos económicos atribuíanse con todo acougo o seu lote de soberanía. A Igrexa tomaría o seu. O Exército –anque oficialmente incluído, home a home, no Partido único- absorbería a súa porción, exercendo o control dos instrumentos executivos, e ficaría constituído en forza básica e arbitral. O Partido único proporcionaría o persoal político por xunto e representaría docilmente o papel de pobo na función (...). Pola súa banda, o poder persoal, establecido como clave de arco (...), esponxaríase nunha camarilla reclutada entre os más fieis (...).

En rigor, a guerra non producira poderes novos. Máis ben repuxera no seu sitio, libres de coidados, os poderes antigos, destruíndo aqueloutros que os ameazaban”.

**Doc.4.-Entrevista entre Franco e Hitler en Hendaia (1940):**



**Doc.5.-En decembro de 1946, a Asemblea Xeral da ONU condena o réxime de Franco:**

“A) Pola súa orixe, natureza, estrutura e comportamento xeral, o réxime de Franco é un réxime fascista, organizado e implantado en grande parte mercede á axuda da Alemaña nazi e da Italia fascista de Mussolini.

B) Durante a longa loita das Nacións Unidas contra Hitler e Mussolini, Franco prestou unha axuda moi considerable ás potencias inimigas, malia as continuas protestas dos aliados (...). A Asemblea Xeral (...), recomenda que se prohiba ao Goberno de Franco pertencer aos organismos internacionais creados polas Nacións Unidas ou relacionados con elles (...). Así mesmo, a Asemblea recomenda que todos os Estados membros das Nacións Unidas retiren inmediatamente os embaixadores e ministros plenipotenciarios que teñen acreditados en Madrid"

## O franquismo: política económica

**Doc.1.-“Fundamentos e directrices dun Plano de saneamento da nosa economía, harmónico coa nosa reconstrución nacional” (1939), por Francisco Franco:**

“Imponse á nosa política comercial no exterior:

1. Suprimir importacións que non sexan indispensables.
2. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.
3. Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.
4. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

**Doc.2.-O historiador J. L. García Delgado valora así a política autárquica:**

“O significado último desa pobreza de resultados durante a etapa inicial do franquismo ten unha dobre dimensión: por unha banda, supón o remate do proceso de crecemento moderado pero mantido que se prolonga en España durante o último terzo do século XIX e o primeiro do XX; por outra banda, ocasiona o ancheamento da fenda que separa a traxectoria de España respecto á doutros países europeos; unha diferenza que, en ritmos de crecemento e de produto real por habitante, se amplía enormemente durante esos anos. Non se esaxera, por conseguinte, cando se sitúa nese decenio dos anos corenta a pasaxe máis negativa da nosa historia económica e contemporánea, coa cruenta eliminación dos partidos políticos e organizacións de clase, con ríxida disciplina laboral e drástica fixación de salarios, con mutilación das liberdades individuais e a perda, nuns casos, e marxinación noutros, dun capital humano irrecuperable. En suma, o fracaso económico correu entón paralelo á regresión política e social”

**Doc.3.-Cartilla de racionamento, 1952:**



**Doc.3.-Decreto-Lei de 20 de xullo de 1959, coñecido como Plan de Estabilización:**

“Ao remate da Guerra de Liberación, a economía española tivo que se enfrentar co problema da súa reconstrución, que se vía retardada naqueles momentos pola insuficiencia dos recursos (...) como consecuencia da contenda. A guerra mundial e as repercuśóns que trouxo consigo aumentaron estas dificultades e pecharon gran parte dos mercados e fontes de aprovisionamento normais (...). Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigas asumidas por España como membro de pleno dereito da OECE. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obriga de vixiar e fomentar o desenvolvemento económico do país”

**Doc.4.-O Seat 600, un dos emblemas do “desarrollismo”:**



**Doc.5.-Emigración exterior entre 1951 e 1980:**

ANOS	AMERICA	EUROPA
1951-60	668.003	-----
1961-70	232.221	779.592
1971-80	51.663	447.794

**Doc.6.-Evolución do número de turistas, 1961-1973:**

ANO	Nº (MILLÓNS)
1961	7,4
1964	14,1
1967	17,8
1970	24,1
1973	34,5

## O franquismo e as forzas oposición ao réxime

### **Doc.1.-Orixes da guerrilla antifranquista (Vida Guerrilleira, Boletín das guerrillas de Galicia, 1948):**

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de todas as tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas (...). Ao principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ao que se expoñían e, non obstante, non vacilaban en acollernos”.

### **Doc.2.-Declaración do Partido Comunista de España promovendo unha política de Reconciliación Nacional (1956):**

“Nos últimos anos produciuse unha importante evolución. Forzas considerables, que noutro tempo integraron o campo franquista, foron mostrando a súa discrepancia cunha política que mantén vivo o espírito de guerra civil. No campo republicano son más numerosas e influentes as opinións dos que estiman que hai que enterrar os odios e rancores da guerra civil (...). Un estado de espírito favorable á reconciliación nacional dos españoles, vai gañando ás forzas político-sociais que loitaron en campos adversos durante a guerra civil. (...). Fóra da reconciliación nacional non hai máis camiño que o da violencia”.

### **Doc.2.-Noticia recollida en Mundo Obrero dunha manifestación universitaria en Madrid (1956):**

“Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do goberno é que non se atreveu a utilizar a policía armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de retirarse (...).

Ao pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, recrudeceronse os berros dos estudiantes contra a Falanxe e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun grande alborozo, con signos emocionantes de simpatía. Os estudiantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá”

### **Doc.3.-Salvador de Madariaga analiza a repercusión do chamado polo franquismo “Contubernio de Munich”:**

“O 8 de xuño de 1962 quedou pois consagrada en Munich a negativa terminante a admitir a España nin áinda como asociada no sistema europeo mentres non cambie o seu réxime. Ao regresar a España os delegados do interior (...) víronse obrigados a escoller desde a escaleirado avión, ou o seu desterro ou o seu confinamento en Fuerteventura. A Gil Robles non lle foi permitido comunicar coa súa casa nin áinda para cambiar de roupa (...). Esta conduta bárbara, no sentido concreto da palabra, é dicir, desprovista de lei, caridade e respecto, terminou por allearlle ao réxime a opinión europea e áinda universal”

### **Doc.3.-O líder sindical Marcelino Camacho lembra as orixes das Comisións Obreiras (CC.OO.):**

“A cabalo entre 1956 e 1957 xurdiu e desapareceu, nun prazo breve, unha comisión na mina asturiana La Camocha, para defender unha asignación de carbón ós mineiros (...). Outras funcionaron en diversos lugares como Euskadi, Cataluña, Valencia, Andalucía, etc., sempre de forma fugaz e variada composición (...).

En Madrid iniciouse unha nova fase de Comisións Obreiras que se caracterizou polo carácter permanente das comisións elixidas en assembleas (...). Decidíramos servirnos da Escola Sindical de Enlaces (...) como un medio para nos coñecer e estender os nosos contactos sobre todo coas grandes empresas do metal”.

**Doc.4.-Manifesto conxunto de Comisións Obreiras e o Sindicato Democrático de Estudantes (1967):**

“As Comisións Obreiras de Barcelona e provincia e o Sindicato Democrático de Estudantes da Universidade de Barcelona saúdan e solidarízanse con todas estas grandes accións de masas que se desenvolven no noso país (...). O Goberno acentúa a represión detendo e procesando a destacados dirixentes do movemento obreiro e estudiantil (...). A vigorosa loita solidaria do pobo conseguiu a liberdade destes demócratas encarcerados. Pero pende sobre eles a ameaza de procesos. Ante esta situación, as CC.OO. de Barcelona e provincia e o SDEUB chamamos a todos os traballadores e estudantes a facer do día 17 unha gran xornada de loita (...) para esixir, xunto ás reivindicacións más urxentes da clase obreira, aquelas que hoxe son más sentidas polos traballadores e as amplas masas populares do país: Salario mínimo de 250 pesetas. Semana de 44 horas. Salario igual para mulleres e mozas a iguais condicións de traballo. Xestión e control polos traballadores do réxime de seguridade social. Dereito de folga e a liberdade de reunión (...). Democratización do ensino e a Universidade. Liberdade de todos os detidos e anulación de todos os sumarios e sancións (...). Disolución da Brigada Político-Social e do Tribunal de Orde Pública”

**Doc.5.-En 1974, o Partido Comunista de España inspirou a formación da Xunta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición que aprobaron o seguinte programa:**


- “1.-A formación dun goberno provisional que substitúa ao actual (...).
- 3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións.
- 4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical.
- 5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.
- 6.-A liberdade de prensa (...).
- 8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas.
- 9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente.
- 10.-A separación da Igrexa e do Estado (...)".

## A agonía do franquismo e os inicios da Transición

### Doc.1. Extracto do comunicado no que ETA reivindica o atentado contra Carrero Blanco en 1973:

“A operación que ETA realizou contra o aparato de poder da oligarquía española na persoa de Luis Carrero Blanco, debe interpretarse como xusta resposta revolucionaria da clase traballadora e de todo o noso pobo vasco (...). Luis Carrero Blanco, un home duro, violento nas súas posicións represivas, constituía a peza clave garante da continuidade e estabilidade do sistema franquista (...)”.

Doc.2. Evolución do número de folgas en España entre 1971 e 1975:



Doc.3. Viñeta alusiva á crise económica, publicada na revista *Por favor* en 1975:



### Doc.4. Discurso de J. A. Girón de Velasco ao ser nomeado presidente da Confederación Nacional de Excombatientes(novembro de 1974):

“Incúmbenos a mesma responsabilidade que, por razóns de honor, nos botou ao monte en 1936 (...). O compromiso desta hora reside, por tanto, en evitar que sobre aquel holocausto e aquel sacrificio se corra hoxe un estúpido velo (...). Aquí pasaron moitas cousas e han pasar moitas más (...). Impúlsanos o deber de pechar o paso aos que queren arrebatarnos a vitoria”.

### Doc.5. Propostas da Junta Democrática, feitas públicas en París en xullo de 1974:

1. A formación dun Goberno provisional que substitúa ao actual para devolver ao home e á muller español (... ) o recoñecemento legal de todas as liberdades, dereitos e deberes democráticos.
2. A amnistía absoluta de todas as responsabilidades por feitos de natureza política ou sindical.
3. A legalización dos partidos políticos, sen exclusións (...).
11. A celebración dunha consulta popular (...) para elixir a forma definitiva do Estado”.

### **3. Os obxectivos da oposición democrática**

*Coordinación Democrática manifesta a súa decisión de emprender as accións políticas adecuadas para a consecución dos seguintes obxectivos:*

- *A inmediata liberación dos presos políticos e sindicais sen exclusión (...).*
- *O eficaz e pleno exercicio dos dereitos humanos e as liberdades políticas (...).*
- *A realización da ruptura ou alternativa democrática mediante a apertura dun período constituyente que conduza, a través dunha consulta popular, baseada no sufraxio universal, a unha decisión sobre a forma do Estado e do Goberno (...).*

*Coordinación Democrática invita (...) a todas as forzas democráticas, políticas, sindicais e sociais, e a todos os cidadáns dos pobos do Estado español, a participar nas accións e mobilizacións pacíficas necesarias para a efectiva conquista dos dereitos e liberdades fundamentais.*

**COORDINACIÓN DEMOCRÁTICA. Programa fundacional.** 26-3-1976 [assinado por Comisións Obreiras, Grupo Independente, Movemento Comunista, Partido Carlista, Partido Comunista de España, Partido Demócrata Popular, Partido Socialdemócrata, Partido Socialista Obrero Español, Partido Socialista Popular, Partido do Traballo de España, Unión Xeral de Traballadores, Unión Socialdemócrata Española, Esquerda Democrática] [castelán]

### **Doc.6.Artigo de Arnaud de Borchgrave publicado na revista Newsweeken abril de 1976:**

“Coido que chegou a hora da reforma, pero o presidente do Goberno, Carlos Arias Navarro, un residuo dos días de Franco, demostrou máis inmobilismo ca mobilidade. O rei opina que Arias é un desastre sen paliativos, xa que se converteu no abandeador dese grupo de leais a Franco coñecido coma „o búnker“ (...).”

### **4. Razóns para a elección de Adolfo Suárez**

*[Vilallonga] –Por que a elección de Suárez?*

*[O rei] –Porque era un home novo e moderno. Porque procedía do franquismo e porque non resultaba sospeitoso de pretender cambios demasiado radicais, inaceptables para certos sectores da nosa sociedade. (...) Fora secretario xeral do Movemento e director xeral de Televisión, desde onde traballou moito pola miña imaxe como príncipe. Pero, como volvió repetir, era novo, moderno e suficientemente ambicioso como para desexar ser o home capaz de afrontar os momentos que viviamos. Adolfo Suárez, o franquista, logrou convencer os antifranquistas de que depositasen nel a súa confianza para poñer o cambio en marcha. O seu éxito superou todas as expectativas.*

Xosé Luís VILALLONGA. **O Rei, conversacións con don Xoán Carlos I de España.** 1995 [castelán]

## 5. Un programa de reformas

O Goberno expresa claramente a súa convicción de que a soberanía reside no pobo e proclama o seu propósito de traballar colexiadamente na instauración dun sistema político democrático baseado na garantía dos dereitos e liberdades cívicas, na igualdade de oportunidades políticas para todos os grupos democráticos e na aceptación do pluralismo real. Todo iso no marco da autoridade lexítima, amparada polo consenso popular e o respecto da lei. (...) A estes fins, o Goberno fai seus os seguintes propósitos (...):

1. Someter á decisión da nación as cuestións relativas á reforma constitucional e celebrar eleccións xerais antes do 30 de xuño de 1977.
2. Impulsar a tarefa lexislativa que permita a acomodación dos textos legais á realidade nacional (...)
3. Asegurar o exercicio responsable da liberdade de expresión como condición básica para que a sociedade poida manifestar o seu pluralismo natural e o pobo poida organizarse en liberdade en torno a aquelas opcións que máis se acheguen ás súas aspiracións. (...)
6. O Goberno, consciente da importancia do feito rexional, recoñece a diversidade dos pobos integrados na unidade indisoluble de España.

Adolfo SUÁREZ. Declaración programática. 15-7-1976 [castelán]

## Doc.7. Lei para a Reforma Política, aprobada polas Cortes en novembro de 1976:

“Art 1º.1. A democracia no Estado español baséase na supremacía da lei, expresión da vontade soberana do pobo. Os dereitos fundamentais da persoa son inviolables e vinculan a todos os órganos do Estado(...).

Art.2º. 1. As Cortes compónense do Congreso de Deputados e do Senado.

3. Os deputados do Congreso serán elixidos por sufraxio universal, directo e secreto dos españois maiores de idade”.

## Doc.6. Logo da dimisiónde Arias Navarro, o primeiro consello de ministros presidido por Suárez dá a coñecer o seu programa de goberno. Así o recolle o xornal El País (17 de xullo de 1976):

“<O Goberno ten o propósito de elevar á Súa Maxestade a recomendación de que (...) outorgue unha amnistía aplicable a delito de faltas de motivación política ou de opinión.> Con estas palabras pecha o Goberno a súa declaración programática, aprobada no Consello de Ministros. Na mesma declaración (...) o Goberno engade claramente a súa convicción de que <a soberanía reside no pobo e proclama o seu propósito de traballar colexiadamente na instauración dun sistema político democrático, baseado na garantía dos dereitos e liberdades cívicas, (...) e na aceptación do pluralismo real.> Tamén anuncia o Gabinete o seu propósito de convocar eleccións xerais antes do 30 de xuño de 1977”.

## As primeiras eleccións democráticas e a Constitución de 1978

### 7. A aceptación polo PCE da bandeira e da monarquía

*En tanto que representativa dese Estado que nos reconece, decidimos colocar hoxe aquí, na sala de reunións do Comité Central, ao lado da bandeira do noso partido, que segue e seguirá sendo vermella, coa fouce e o martelo, a bandeira do Estado español. (...) A bandeira non pode ser monopolio de ningunha facción política nin moito menos poderíamos abandonala aos que intentan fazer uso dela para impedir o paso da ditadura á democracia.*

*Nós somos homes e mulleres que se axustan aos feitos. Os feitos que estamos presenciando son que baixo o goberno da Monarquía se está avanzando cara ao restablecemento das liberdades democráticas en España (...). Se a Monarquía continúa obrando dunha maneira decidida para establecer no noso país a democracia, estimamos que nunhas futuras Cortes o noso partido e as forzas democráticas poderían considerar a Monarquía como un réxime constitucional (...). Estamos convencidos de ser á vez enérxicos e clarividentes defensores da unidade do que é a nosa patria común.*

COMITÉ CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA. **Declaración**. 15-4-1977 [castelán]

### 9. As promesas de Suárez

*Prometemos devolver a soberanía ao pobo español, e pasado mañá vaña exercer.*

*Prometemos normalizar a nosa vida política, xestionar a transición en paz, construír a democracia desde a legalidade, e cremos que, coas lóxicas deficiencias, o conseguimos.*

*Prometemos que todas as familias políticas puidesen ter un lugar nas Cortes, e o mércores poden logralo (...).*

*Non podo asegurar que se amañen rapidamente problemas que se veñen arrastrando desde hai moitos anos, ainda que a actual liberdade de expresión faga que aparezan como novos.*

*Non podo asegurarles nada disto, porque somos un país con recursos limitados, con deficientes estruturas, con desigualdades irritantes e cunha lexislación que non se acomoda á realidade de 1977.*


*Pero se vostedes nos dan o seu voto, podo prometer, e prometo, que os nosos actos de goberno constituirán un conxunto graduado de medidas racionais e obxectivas para a progresiva solución dos nosos problemas. Podo prometer, e prometo, intentar elaborar unha Constitución en colaboración con todos os grupos representativos nas Cortes, calquera que sexa o seu número de escanos. Podo prometer, e prometo, (...) dedicar todos os esforzos a lograr un entendemento social que permita fixar as novas liñas básicas que seguirá a economía española nos próximos anos. Podo prometer, e prometo, que os homes de Unión de Centro Democrático promoverán unha reforma fiscal que garanta, dunha vez para todos, que pague máis quem teña máis. Podo prometer, e prometo, un marco legal para institucionalizar cada rexión segundo as súas propias características.*

Adolfo SUÁREZ. **Discurso** [televisado]. 13-6-1977 [castelán]




Adolfo Suárez González. 1932- .

## 10. O Congreso dos deputados tras as primeiras eleccións democráticas do 15-6-1977



## A crise da UCD e o golpe de Estado

### 16. Composición do Congreso de Deputados tras as eleccións xerais do 1-3-1979




### 21. A mensaxe real abortou o golpe

Ao dirixirme a todos os españoles con brevidade e concisión, nas circunstancias extraordinarias que nestes momentos estamos viviendo, pido a todos a maior serenidade confianza, e fáglles saber que cursei aos capitáns xenerais das rexións militares, zonas marítimas e rexións aéreas a seguinte orde:

Ante a situación creada polos sucesos desenvolvidos no palacio do Congreso, e para evitar calquera posible confusión, confirmo que ordenei ás autoridades civís e á Xunta de Xefes de Estado Maior que tomen as medidas necesarias para manter a orde constitucional dentro da legalidade vixente. Calquera medida de carácter militar que, no seu caso, tivese que tomarse, deberá contar coa aprobación da Xunta de Xefes de Estado Maior.

A Corona, símbolo da permanencia e unidade da patria, non pode tolerar en forma ningunha accións ou actitudes de persoas que pretendan interromper pola forza o proceso democrático que a Constitución votada polo pobo español determinou no seu día a través de referendo.

XOÁN CARLOS I. Mensaxe [emitido por radio e televisión, á 1,14 horas], 24-2-1981 [castelán]



O rei Xoán Carlos na súa intervención televisada na madrugada do 24-2-1981.

## A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE

**23. Composición do Congreso de Deputados nas eleccións da década socialista**

